

Zenabou

Ós nenos e nenas saharauís

Por Rosa Aneiros

La Voz de Galicia. Suplemento Culturas

Zenabou sentiu non poder chorar aquel día no que Zaina e Brahim regresaron ós campamentos de refuxiados. Secáranse tódalas bágoas posibles cando abandonara El Aaiún, no Sahara Occidental co ruído dos motores dos avións marroquís e o cheiro do napalm perseguíndolle os calcañares. Os xemelgos, aínda meniños, protestaban polas carreiras apresuradas naquela escuridade só rota polo latexo incesante dos focos. Ela obrigáralos a camiñar sen descanso por aquel deserto que enguliu as pegadas do seu éxodo.

O desterro resultou extremadamente duro. Non só deixaban atrás a súa casa senón tamén ó pai e compañeiro convertido nunha cifra oculta, nun mártir de guerra só recoñecido pola Fronte Polisaria. Pasaran xa demasiados anos contabilizados polo reloxo de area do sentempo e, sen embargo, a memoria traizoeira turraba en volver unha e outra vez sobre as mesmas imaxes con sabor a mar. O seu pobo levaba unha eternidade atrapado na Hamada de Alxeria, un territorio onde o universo cinguíase a pedra, sol implacable e siroco. En 1991, cando Zaina e Brahim regresaron de Cuba tralo acordo da ONU de celebrar un referendo de autodeterminación, Zenabou quixo chorar pola alegría de ver de novo ós seus fillos. Non puido. Tal vez porque descubriu no rubor de Zaina e na frustración dos ollos de Brahim que quizais aquilo do referendo era só unha promesa. Unha de tantas promesas. Pero confiou. Zenabou confiou.

Hoxe, a muller sente non poder chorar. Por ela. Polos seus fillos. Polo referendo que non chega.